

A CIG-Ensino mantivo unha reunión coa secretaria xeral de FP do MEFP para abordar a situación do profesorado técnico de FP

O sindicato trasladoulle a Clara Sanz que as rectificacións do MEFP son insuficientes e demandou melloras no camiño de non deixar ninguén atrás na integración

O pasado 31 de maio, tres representantes da CIG-Ensino (o seu secretario nacional, Suso Bermello, a responsábel de FP e representante do sindicato no Consello Galego de FP, María Xosé Rodríguez e o representante no Consello Xeral de FP, Xosé Saiáns,) mantiveron unha reunión con Clara Sanz, secretaria xeral de FP do Ministerio de Educación na que nos deu traslado da decisión xa avanzada pola ministra Celáa de crear un “novo” corpo de FP para as 10 especialidades do anexo VI do actual RD 276/2007 e achegou outras novidades en resposta ás cuestións que desde a CIG-Ensino lle formulamos. En síntese, esta a información máis salientábel achegada pola responsábel ministerial:



- A integración no grupo A1 (corpo de PES) estenderase a **todas as titulacións universitarias** e non só á de Grao como prevían inicialmente. Poderá ingresar polo tanto quen teña **diplomatura, enxeñaría técnica e arquitectura técnica**.
- O **profesorado funcionario de carreira que non teña titulación universitaria quedaría a extinguir**. Diante da nosa insistencia e tendo en conta que está pendente que todo pase pola Mesa Docente, non se pechan a introducir un período máis amplo para poder acceder a PES, de acadaren a titulación de Grao ou equivalente, evitando o carácter restritivo da entrada en vigor da LOMLOE, máis non hai ningún compromiso en firme mentres non se abra a negociación.
- O procedemento para ingresar no corpo de PES será mediante unha **modificación do RD 276/2007** para así poder tramitalo con máis rapidez. Non deu prazos mais afirmou que a proposta está moi avanzada e que non tardarán en convocar Mesa Docente. **A decisión de convocar o proceso de**

- integración e os prazos, así como se será con carácter xeral** (todo o PTPF afectado dunha soa vez ou en varias convocatorias), será **competencia exclusiva das CC.AA.**
- A creación do **novo corpo de Profesorado Especialista** (grupo A2) **vai limitarse ás dez especialidades do actual Anexo VI** e non aceptan a nosa demanda de que se abra esa mesma oportunidade a aquel profesorado interino das outras 19 especialidades que aínda pode presentarse ás oposicións. Sobre a súa continuidade en listas dixo que ese tema só lle compete ás CC.AA.
- O **profesorado das 10 especialidades do Anexo VI con titulación universitaria poderá integrarse no corpo de PES**. Esta integración sería “nominal”, é dicir, que a situación ordinaria nestas especialidades será exclusivamente formar parte do novo corpo de Profesorado Especialista e só se integrarían agora no corpo de PES “nominativa” ou “persoalmente” quen teña Grao ou equivalente coas mesmas condicións que no resto de especialidades que pasen ao grupo A1.

- **O profesorado funcionario de carreira que non ten Grao ou equivalente nestas 10 especialidades podería optar por permanecer a extinguir (PTFP) ou integrarse no novo corpo de Especialistas.** A efectos prácticos as condicións serían as mesmas.
- **O profesorado interino destas 10 especialidades pasaría automaticamente ás listas do novo corpo de Profesorado Especialista e podería presentarse ás oposicións nas mesmas condicións que agora** (incluída a titulación de FP).

Para a CIG-EnsinO é obvio que os cambios que agora se nos trasladan son resultado da firmeza nas posicións e denuncia que, entre outros, mantivemos desde o sindicato. Unha firmeza que tan só vimos nalgunha outra formación sindical mais non na maioría. Tamén evidentemente da contestación social que tiveron as medidas contidas na LOMLOE e do descontento entre unha parte importante do profesorado técnico. Con todo, as medidas que se anuncian agora son insuficientes para solucionar o problema.

Consideramos que todo o que se fixo na LOMLOE ao respecto dos cambios nos corpos docentes que imparten na FP foi un despropósito e un exemplo de como non se debe actuar. Dixémolo desde que tivemos coñecemento das emendas introducidas tarde, mal e arrastro por PSOE-Podemos.

Xa en xaneiro deste ano, só unha semana despois da entrada en vigor da LOMLOE, a secretaria xeral de FP mantivo unha reunión coa CIG-EnsinO e trasladounos que “se dispoñían a introducir rectificacións” para solucionar erros cometidos e que prevía abrir un “proceso de negociación coas organizacións sindicais de maneira inmediata”. Tamén afirmara que establecerían un “sistema de acceso áxil ao grupo A1 de quen tivese titulación universitaria” e que estaban en disposición a mudar a figura do profesorado especialista e mesmo a crear un “novo corpo para permitir que nas 10 especialidades do anexo VI se puidese seguir accedendo co título de FP”.

Pasados 4 meses o Ministerio non presentou nada na Mesa Docente, agás unha proposta de modificación do RD de ingreso que, tal e como se presentou, implica aínda máis atrancos para resolver este conflito. Neste momento, a única novidade chegou mediante unhas declaracións da ministra e desta reunión coa CIG-EnsinO da secretaria xeral de FP.

- Todo isto implica que **nestas 10 especialidades van convivir durante tempo tres corpos**, aínda que na práctica se comportarán como dous:
 - **quen teña Grao ou outra titulación universitaria será PES.**
 - **quen non teña titulación universitaria quedará como PTFP a extinguir -aínda que poderá optar tamén por integrarse no novo corpo de Especialistas-**.
 - **todo o profesorado que ingrese no futuro (por oposición ou a listas de substitucións) será ao novo corpo.**

Falta de negociación e de sensibilidade con miles de docentes afectados en todo o Estado e que **no caso de Galiza suman 768**, só entre persoal fixo e interino, sen contar o colectivo de substitutos, **improvisación nas tomas de decisión e unha rectificación insuficiente** é a nosa valoración sobre o proceso e as medidas que se nos trasladan nesta reunión coa secretaria xeral de FP.

Non se pode soste que os cambios introducidos para integrar o corpo de PTFP no de PES fose para dar resposta a unha demanda histórica do profesorado técnico que realiza o mesmo traballo que o do corpo de PES e no proceso se deixe fóra da mellora a unha parte importante do colectivo. Consideramos desde a CIG-EnsinO que é absolutamente xusto que o PTFP teña as mesmas condicións retributivas e o mesmo recoñecemento e dereito á carreira profesional que o PES xa que realizan o mesmo traballo e sempre defendemos que a igual traballo e responsabilidade corresponden o mesmo salario e dereitos. Se ademais temos en conta que os procesos de ingreso foron idénticos non é xusto que se antepoña o criterio da titulación, como fixo o Ministerio.

No caso de Galiza, o 36% do profesorado técnico actualmente en activo (553 funcionarios e funcionarias de carreira, o 42% deste colectivo, e 215 interinos, o 25%) ten titulación superior de FP



A proposta da CIG-Ensino pasa por non deixar ningunha atrás

A nosa proposta pasa pola **integración do todo o profesorado técnico no corpo de PES**, evitando calquera discriminación e exclusión e regulando con carácter extraordinario a equivalencia a efectos de docencia das mesmas titulacións, distintas ás exixidas con carácter xeral, para a integración e futuro ingreso no corpo de PES nas especialidades propias da FP. Isto implicaría:

- **Que nas 10 especialidades do actual anexo VI do RD 276/2007 se puidese ingresar no corpo de PES con titulación de FP, aínda que fose con carácter transitorio.**
- **Que no resto das especialidades do extinguido corpo de PTFP (anexo V do RD 276/2007) se manteñan indefinidamente as condicións actuais de ingreso para esas mesmas especialidades no corpo de PES ao persoal interino con titulación de FP que cumpra os requisitos actuais (ter traballado dous anos antes do 31/08/2007).**

Por outro lado, non é de recibo que a lea montada polo propio goberno levase a que ningún docente puidese integrarse no corpo de PES malia a porta entornada desde o mesmo día de entrada en vigor da LOMLOE. O **Ministerio provoca non só o malestar daquel profesorado a quen exclúe e discrimina senón tamén de quen ten os requisitos que a propia Lei lle fixa e que o Ministerio non desenvolve**. Ese proceso áxil non apareceu por ningures e a CIG-Ensino demanda prazos para a desenvolvemento da integración.

Sobre a nova proposta do Ministerio coa creación dun novo corpo

Para alén da nosa proposta de integración xeral e sen exclusións, a CIG-Ensino trasladoulle á secretaria xeral as seguintes consideracións sobre a rectificación parcial que nos presentaron, consistente en crear un novo corpo de “Profesorado especialista en sectores singulares da Formación Profesional” para as 10 especialidades do Anexo VI (**Cociña e pastelería, Estética, Fabricación e instalación de carpintería e moble, Mantemento de vehículos, Mecanizado e mantemento de máquinas, Patronaxe e confección, Peiteado, Produción de artes gráficas, Servizos de restauración e Soldadura**):

- A medida é un apaño ao problema creado pola LOMLOE e non vai no sentido do recoñecemento do mesmo traballo e funcións do PTFP. É certo que soluciona parcialmente un problema enorme creado polo Ministerio ao permitir que poidan seguir presentándose ás oposicións quen teñen titulación de FP.
- A creación dun corpo novo limitado a esas 10 especialidades vai deixar fóra a aquel profesorado interino con titulación de FP que aínda pode presentarse ás oposicións nas outras 19 especialidades de FP.
- A medida implicará a **convivencia de tres corpos** diferentes: o de PES, o de PTFP a extinguir e o novo corpo de profesorado especialista, o que pode supor **problemas na mobilidade** (concurso de traslados), **carga lectiva dos diferentes módulos** (destinos provisionais, horarios...) ou xestión das

listas de interinidade e substitucións, alén de **dividir e xerar problemas de convivencia nos departamentos** entre as tres novas categorías que se crean a partir do extinto corpo de PTFP.

- Felicitámonos pola decisión que se nos anuncia de que **a integración non se vai limitar a ter titulación de Grao e se aceptarán diplomaturas, enxeñarías e arquitecturas técnicas**, tal e como demandou a CIG-EnsinO. Con todo, **a integración no corpo de PES**, se finalmente vai quedar vinculada polo MEFP a unha cuestión de titulación universitaria e non de recoñecemento do traballo realizado, **non pode estar limitada por ningunha data e menos aínda a da entrada en vigor da LOMLOE**. Debe quedar aberta indefinidamente para quen obteña a titulación exixida.
- De aceptaren esta vía de integración indefinida como mal menor, a CIG-EnsinO defenderá que se modifique o RD 276/2007 no que se refire á modalidade de cambio de corpo entre quen poida quedar como PTFP a extinguir e quen poida acceder ao novo corpo de Profesorado

Especialista. É dicir, para a CIG-EnsinO o acceso ao corpo de PES de calquera docente que imparta FP, agora ou no futuro, quedaría unicamente condicionado pola **adquisición da titulación exixida**, sen ningún tipo de proba e nas mesmas condicións de quen xa cumpre agora os requisitos.

A CIG-EnsinO reitera a necesidade de que **o Ministerio non se quede nos cambios anunciados e busque alternativas**, na liña das indicadas polo sindicato e dos antecedentes xa existentes noutros corpos docentes, para evitar discriminacións entre profesorado que realiza as mesmas funcións. O sindicato volve tamén poñer enriba da mesa a **necesidade de que a Consellaría de Educación se implique nesta negociación** no marco das relacións co Ministerio e desde xa anuncia que trasladará á Xunta a **demanda de que no proceso de integración**, unha vez que se poida desenvolver, **se busquen solucións para a equiparación salarial e de dereitos de todo o actual profesorado técnico de FP**.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal